



## **A presidenta do Parlamento recibe ao alcalde de Santiago no marco dunha visita institucional ao legislativo galego**

**Santiago, 28 de setembro de 2015.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, recibiu este mediodía no seu despacho da Cámara ao alcalde Santiago de Compostela, Martiño Noriega, no marco dunha visita institucional do rexedor á sede do legislativo galego.

Durante o encontro, Pilar Rojo trasladou a Martiño Noriega o seu interese en manter unhas óptimas relacións institucionais entre o Parlamento de Galicia e o Concello de Santiago. A presidenta da Cámara reiterou a invitación cursada ao alcalde de Santiago co gallo da xornada organizada polo Parlamento de Galicia, o vindeiro 2 de outubro, para conmemorar os 100 anos do Pazo do Hórreo.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.